

El Premio “Blanco Amor” entrégase mañá en Ribadeo

SANTIAGO. Redacción

Mañá terá lugar no Concello de Ribadeo a entrega do prestixioso Premio de Novela “Eduardo Blanco-Amor” na súa sexta edición. O certame literario, patrocinado polos concellos de Galicia, otórgase cada ano a unha novela inédita nun concello galego elexido por sorteo na edición anterior. A localidade que acollerá o vindeiro ano ó Premio “Blanco-Amor” será coñecido ás 13 horas, cando se celebre o sorteo no Pazo Municipal.

A entrega do premio a Lois Diéguez, vencedor deste ano, farase unha hora despois, no transcurso dun xantar no Parador de Turismo de Ribadeo. Xa pola tarde, o cantautor Suso Vaamonde ofrecerá un recital no teatro do Concello, estrelando algúns poemas musicados de Eduardo Blanco-Amor, intervindo a continuación Lois Diéguez, escritor galardonado nesta VI edición do premio.

Como complemento dos actos relativos ó certame, onte inaugurouse unha exposición na Casa do Mar sobre Rosalía e Castelao, co patrocinio da Consellería de Cultura, que permanecerá aberta ate o día 27. Hoxe, e dentro dos venres teatrais organizados pola Dirección Xeral de Cultura e a Sociedade Filantrópico-Dramática ademáis do propio Concello, representarase “¡Esto non é serio, señores!”, do grupo Caritel. Fai unha semana foi Artello quen levou a Ribadeo a montaxe de Antón Reixa “Gulliver F.M.” e será Máscara-17 quen represente, o 19 de decembro, “Ahl Kharallo light”.